

## MEMORIA 2022-2023

No presente curso, o departamento de Latín impartiu docencia de Latín de 4º de ESO e de Latín I e II no Bacharelato diurno e de adultos.

Todos os grupos de ESO (un grupo de 4º) e BACHARELATO (dous en diurno e outros dous e adultos) estiveron ao cargo do xefe do departamento de Latín, Manuel Farpón Álvarez.

Seguindo as instrucións da Consellería de Educación, no mes de marzo presentouse unha modificación da programación de 4º ESO para axustalo a modificación do calendario respecto ás avaliacións 3ª e final para o presente curso 2022-2023.

No **Latín de 4º ESO**, fíxose un curso introductorio sobre lingua e, en menor medida, civilización latina que poida servir de base ao alumnado que opte no bacharelato polas humanidades. Acadáronse todos os obxectivos previstos na programación do curso. Tanto as actividades realizadas como os materiais teóricos aportados están disponibles no curso correspondente da AV.

En **Latín I**, tanto en diurno como en, centrámonos no estudo dos mecanismos morfo-sintácticos imprescindibles para a realización de traducións sinxelas. No traballo na aula, tal como se recolle na programación do curso, fíxose unha presentación completa da gramática latina desde os aspectos fonéticos ata os sintácticos: *oracións simples e compostas coordinadas e subordinadas, ut, cum, relativas, interrogativas, infinitivos e participios pasando pola explicación exhaustiva da morfoloxía nominal, pronominal e verbal (infinitivos e participios incluídos, así como o xerundio, o xerundivo e o supino)*. Os textos empregados para a tradución foron, nos dous primeiros trimestres, na súa meirande parte adaptados para poidesen recoller e practicar con todos os contidos explicados. Na última avaliación puidemos achegarnos a textos dunha maior complexidade (*selección de textos de C. Nepote e de Cicerón*) con axuda que facilitase a súa abordaxe por parte do alumnado. Todas as actividades realizadas están recollidas no curso correspondente da AV.

En **Latín II**, igualmente en diurno e adultos, a tarefa de traducir foi esencial e completouse coa explicación das cuestións do temario teórico en correspondencia co programado para as probas de acceso aos estudos universitarios. Segundo o previsto na programación, nas dúas primeiras avaliacións, os temas de Literatura e Léxico foron traballados polo alumnado e formaron parte da calificación sen ser integrados nas probas escritas, se ben so se avaliaron parcialmente pensando en ir agregándose paulatinamente co avance do curso. En todo caso, unha vez presentados os traballos correspondentes por parte do alumnado, estiveron accesibles na AV tanto todos os temas de literatura como os latinismos, topónimos e derivación.

Puidemos analizar e traducir en clase ao completo a selecta de textos de prosa e de verso elaborada pola CIUG para para a ABAU.

Para finalizar recolleamos as **porcentaxes de aprobados** na convocatoria ordinaria para 4º ESO, e as avaliacións ordinaria e extraordinaria para 1º BAC e 2º BAC.

	4º ESO	1º BAC	1º BAC extra	2º BAC ord.	2º BAC extra.I
DIURNO	91.7%	90%	0%	100%	---
ADULTOS	_-----	66,67%	0%	46,67%	0%

Vigo (Pontevedra), 30 de xuño de 2023

Polo Departamento Didáctico

Asdo. : Manuel Farpón Álvarez